
**LIÑAS XERAIS DA PROGRAMACIÓN
PLURIANUAL E ORZAMENTARIA
2018-2019**

Vicerreitoría de Economía,
Infraestruturas e Sustentabilidade

4 de Decembro de 2017

INTRODUCCIÓN

A modificación dos Estatutos da UDC de 11 de outubro de 2007 (DOG de 17 de outubro) incorporou ás competencias do Claustro a de aprobar as liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria. Neste caso, corresponde establecer as liñas xerais orzamentarias para os próximos anos 2018-19, o cal está comprendido dentro do Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego 2016-20 (en adiante, PFSUG). Neste ano 2017 destacase un feito de gran interese como é a resolución do recurso contencioso-administrativo que a Universidade da Coruña (UDC) interpuxo no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), número PO. 359/2014, contra o incumprimento da literalidade do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia (PFSUG) para o período 2010 - 2015. A resolución deste recurso afecta tamén ao financiamento para o actual PFSUG 2016-2020 razón pola que se dedican dous apartados deste documento a explicar esta cuestión.

Os contidos deste documento de liñas orzamentarias estrutúranse nos seguintes apartados:

1. Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego: Síntese
2. Contexto orzamentario
3. Execución da sentenza por infrafinanciamento estrutural
4. Auditoría e establecemento dun novo procedemento do cálculo do fondo estrutural
5. Principais fontes de financiamento do PFSUG e comparativa respecto ao ano 2017
6. Estimación dos ingresos e gastos para o ano 2018 e proxección para o ano 2019
7. Tesouraría e dereitos pendente de cobro
8. Evolución de PDI e PAS.
9. Campus de Especialización e programas de mellora da calidade
10. Conclusións

1. PLAN DE FINANCIAMENTO DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO 2016-2020

O PFSUG establece os principios sobre os que debe desenvolver a súa actividade, a estrutura dos fondos, o modelo de cálculo do financiamento, as bases para a execución do orzamento e o seguimento da súa evolución e do seu contido. Trátase dun instrumento de programación plurianual no que se fixan os principais obxectivos que cómpre acadar para a mellora da calidade e a eficiencia do ensino universitario en Galicia. A continuación faise unha síntese dos principais contidos: obxecto e vixencia, a estrutura dos fondos, os principios de funcionamento e o seguimento.

PFSUG: Principais características

a) Obxecto e vixencia

O obxecto do Plan de financiamento é establecer un marco de financiamento para todo o Sistema Universitario Galego. A súa vixencia vai dende o 8 de xaneiro do 2016 ata o 31 de decembro de 2020, ambos anos inclusive.

b) Estrutura e evolución

No que refire á estrutura dos fondos e a súa previsible evolución, distínguese un financiamento estrutural e un financiamento por resultados. As previsións de financiamento público que percibirá o ensino universitario de Galicia no período 2016-2020 situaranse nunha cifra global de 2.479,26 millóns de euros.

c) Principios

Os principios nos que se basea o PFSUG son a eficiencia, suficiencia, equidade institucional, equilibrio orzamentario e a transparencia. Destaca, sobre todo a eficiencia.

d) Seguimento do Plan

Finalmente, e co fin de garantir o bo funcionamento e rigor no reparto dos fondos vinculados ao plan de financiamento establecerase unha comisión de seguimento.

De cara ao ano 2018 establécese unha novidade importante. Trátase do novo procedemento de cálculo do fondo estrutural, o cal será explicado no apartado cuarto deste documento.


2. CONTEXTO ORZAMENTARIO

Como se pode apreciar na figura 1, o contexto orzamentario do SUG para o cal se desenvolve a actividade docente e investigadora da Universidade da Coruña, sufriu un gran deterioro dende o ano 2009. Neste período os orzamentos diminuíron un 13,28%, baixando dende os 137,8 millóns no ano 2009 até os 119,45 millóns no derradeiro orzamento aprobado que corresponde ao ano

2017 (ver figura 1). Estas limitacións orzamentarias están afectando a todos os ámbitos de desenvolvemento e funcionamento diario así como a todos os colectivos implicados como PDI, PAS e estudantes.

A mellora do financiamento, sobre todo no que respecta ao fondo estrutural, permite dotar de maior estabilidade posto que permite non só dar resposta ás necesidades docentes e funcionais senón tamén dar resposta aos gastos estruturais que son consecuencia do funcionamento diario da Universidade. Se ben nos derradeiros anos obsérvase un lixeiro repunte, hai que considerar que os gastos estruturais están crescendo ano a ano polo que faise necesario incrementar o financiamento estrutural. Esta Universidade está demandando non só un maior financiamento estrutural senón que está a buscar fórmulas de financiamento de base cooperativa e colaborativa. No apartado seguinte, vaise analizar polo miúdo os diferentes apartados do financiamento universitario, no que se inclúe o financiamento estrutural.

Figura 1. Evolución dos orzamentos no período 2002-2017



Fonte: Elaboración propia a partir de datos internos (2005-2010 e 2011-2017); datos en millóns de euros

3. EXECUCIÓN DA SENTENZA POR INFRAFINANCIAMENTO ESTRUCTURAL

A sentenza do 12.04.2017 da Sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo do TSXG estima en parte o recurso contencioso – administrativo interposto pola UDC contra a desestimación presunta do requirimento de cumprimento do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia (2010-2015), anulando a mesma e ordenando que en execución da sentenza a Xunta de Galicia leve a cabo a determinación das cantidades que anualmente haberían de corresponder ás tres universidades galegas polo financiamento estrutural. Como consecuencia deste feito, a Universidade da Coruña e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia acordaron dar cumprimento da dita sentenza e proceder á regularización da liquidación conforme á aplicación estrita dos criterios establecidos mediante o Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia (2010 – 2015).

Despois das reunións mantidas entre a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña a finais de maio e principios de xuño do presente ano, se estableceron os criterios a partir dos que se cuantificaba de xeito obxectivo a contía a aboar por parte da Xunta de Galicia á Universidade da Coruña en cumprimento da sentenza, e na que implicitamente se recollía o período para o cálculo da mesma. En concreto, é o diferencial entre o Fondo Fixo (criterio histórico) e o Fondo incondicionado dende o ano 2013 ata o 2015 ambos incluídos.

Tal e como se pode ver na táboa táboa 1, móstrase o importe do saldo acumulado correspondente ao diferencial entre o Fondo Fixo (criterio histórico) e Fondo incondicionado (2013 – 2015). Ambas partes aceptan esta proposta de cálculo e a contía da mesma, cuxo saldo acumulado ascende a catro millóns douscentos dous mil seiscentos oitenta e un euros (4.202.681,00 €). O pago do saldo acumulado realizarase nas anualidades de 2018, 2019 e 2020 a razón dun terzo en cada ano (1.400.893,67 €).

Táboa 1. Cálculo do saldo acumulado correspondente ao diferencial entre o Fondo Fixo (criterio histórico) e Fondo Incondicionado (2013 – 2015)

	Ano 2013	Ano 2014	Ano 2015
Fondo Incondicionado	56.498.519,00 €	51.825.207,00 €	48.136.507,00 €
Fondo fixo (criterio histórico)	56.753.202,00 €	53.356.665,00 €	50.553.047,00 €
Diferencial	-254.683,00 €	-1.531.458,00 €	-2.416.540,00 €
Saldo ano-1	-	-254.683,00 €	-1.786.141,00 €
Saldo acumulado (2013 – 2015)	-254.683,00 €	-1.786.141,00 €	-4.202.681,00 €

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos subministrados pola Consellería de Facenda e polos criterios establecidos na resolución da sentenza

4. AUDITORÍA DOS DATOS E ESTABLECEMENTO DUN NOVO PROCEDEMENTO PARA O CÁLCULO DO CUSTO ESTÁNDAR

4.1 Auditoría dos datos correspondente ao curso académico 2014-15 e novo procedemento de cálculo do Custo Estándar

Como consecuencia das debilidades detectadas no procedemento do cálculo do custo estándar, subfondo básico do fondo estrutural, procedeuse a revisar este procedemento de cálculo. Este feito xa foi advertido pola Universidade o ano pasado. Así, no mes de xullo de 2016 estableceuse a necesidade de proceder a auditoría dos datos. O resultado desta auditoría non se soubo ate o ano seguinte, o cal dificultou enormemente a elaboración do proxecto de orzamento para ese ano 2017 e obrigou a esperar ao ano seguinte a saber o resultado final.

No mes de maio de 2017 facilitouse o resultado da auditoría e, adicionalmente, como consecuencia da sentenza do recurso, decidiuse revisar o método de cálculo do subfondo do custo estándar, elemento básico do fondo estrutural. Debido a que o ano 2014 foi o ano de referencia para o calculo do fondo estrutural para o período de financiamento 2016-2020, e a que este ano 2014 formaba parte do período 2013-2015, no que se experimentou o infrafinanciamento do anterior PFSUG 2010-2015, deducíase que tamén existía infrafinanciamento para o PFSUG 2016-2020. A cuantificación deste feito explícase no seguinte apartado (sección 4.2).

Deste xeito, na comisión de seguimento celebrada o 20 de xullo de 2017 aprobouse o novo procedemento de cálculo do subfondo do custo estándar do fondo estrutural o cal vai depender directamente da evolución dos créditos matriculados e do establecemento dun módulo económico equiparable para as tres universidades galegas. O volume de créditos matriculados deberá ser previamente auditado, cuestión que xa se decidiu realizar en setembro do pasado ano 2016, mais agora xa vai quedar formalizada para os vindeiros exercicios económicos. O resultado da auditoría, que non se soubo ate o ano 2017, estableceu unha mellora de 1,37M€no financiamento estrutural (Ver táboa 2). Estas diferenzas se deberon a que a UDC non contabilizaba os alumnos Erasmus entrantes e a que a Consellería de Facenda non computou correctamente as necesidades docentes para os grupos de prácticas nas tres Universidades. Unha vez comprobada, validada e auditada a información das universidades realizarase o seguinte cálculo:

$$\text{Fondo estrutural}_{\text{custo estándar}} = \text{créditos computables} \times \text{módulo económico}$$

Deste xeito, o financiamento estrutural correspondente ao custo estándar de cada universidade determínase como resultado de multiplicar o número total de créditos matriculados computables (valor promedio dos tres derradeiros cursos académicos matriculados e previamente auditados) por un módulo económico único. O módulo económico evolucionará anualmente conforme ao sinalado para este fondo estrutural no apartado VIII “Evolución dos Fondos” do PFSUG 2016-2020.

Táboa 2. Cálculo do fondo estrutural tras o axuste na auditoría

Universidade	2016	2017	Axuste Auditoría (o desglose na seguinte táboa)	Total 2017 Auditado
UDC	64,69	63,21	1,37	64,58
USC	98,93	97,01	0	97,01
UVI	77,79	74,5	0,195	74,69
Total Estructural	241,4	234,71		236,28

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da auditoría facilitados pola Consellería de Facenda (datos en millóns de euros)

Resumo do impacto no financiamento polos diferentes conceptos identificados pola Auditoría

Impacto no financiamento	no	UDC	USC	UVI
Erasmus		431.606,16	0,00	0,00
Homoxeneización		0,00	-496.145,40	0,00
Centro adscrito		0,00	0,00	-84.707,75
Formación continua		0,00	0,00	-216.206,45
Error fórmula (Consellería)		-1.774.829,08	-2.218.536,35	-2.218.536,35
Total		-1.343.222,92	-2.714.681,75	-2.519.450,55
Diferenza coa que maior axuste debería realizar		1.371.458,88	0,00	195.231,20

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da auditoría facilitados pola Consellería de Facenda

Polo tanto, debe producirse un incremento de 1,37M€ para a UDC e un incremento de 0,195M€ para UVI (ver táboa 2).

4.2 Revisión do financiamento por crédito computable

Debido a que o ano base tomado como referencia para o cálculo do financiamento estrutural para o novo plan de financiamento 2016-2020 foi o ano 2014, o cal como se acaba de comentar presenta deficiencias no seu cálculo, se procedeu a revisar o financiamento por crédito o cal revelou o infrafinanciamento que obtén esta Universidade. Como se pode comprobar na táboa 3, a UDC recibiu un financiamento por crédito computable no ano 2017 por valor de 84,81€ crédito fronte a 87,32€ crédito da USC e 87,56€ crédito da UVI. Ese dato ratificou a situación de infrafinanciamento estrutural polo que fíxose necesario realizar un novo axuste e incrementar o financiamento en 1,8M€ (táboa 3, columna D). Deste xeito, o financiamento por crédito equiparase entorno ós 87 euros por crédito (ver táboa 3, columna F).

Táboa 3. Financiamento por crédito computable e Custo Estándar final resultante no ano 2017

Universidade	(A) Créditos computables	(B) Fondo Estructural 2017 (logo da auditoría)	(C)=A / B Financiamento por crédito (€)	(D) Axuste (infrafinanciamento por crédito computable)	(E)=B+D Fondo Estructural 2017 (M€)	(F)=E/A Financiamento por crédito (€)
UDC	761.499	64,58M€	84,81	1,80	66,38	87,17
USC	1.110.997		87,32		97,01	87,32
UVI	853.026		87,56		74,69	87,56
Total	2.725.522			1,80	238,08	

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da auditoría facilitados pola Consellería de Facenda (datos dos créditos computables en unidades; o financiamento por crédito en €, fondo estrutural en millóns de euros)

O Plan de Financiamento establece que unha mellora no financiamento estrutural debe ser detraída do financiamento de resultados e viceversa. Polo tanto, a mellora do financiamento estrutural que experimentou a UDC no ano 2017 (3,17M€, o resultado de restar columna E e columna B) procedeu do financiamento de resultados do subfondo do panel de indicadores. Para a UDC esta contía ascendeu a 482.895,98€. Ao igual que na resolución do recurso, a posición desta Universidade foi que os axustes a realizar non afectaran ao financiamento de ningunha Universidade.

Deste xeito, as diferentes Universidades puideron subscribir un convenio de I+D+i onde a Xunta ten un fondo específico que tamén forma parte do plan de financiamento. No caso da UDC, inicialmente o compromiso era de 2,8M€ e logo da revisión do fondo estrutural quedou en 1,8M€. Debido a que os convenios foron asinados ao final do ano (30 de outubro no noso caso), as tres Universidades tivemos a limitación de poder executar na anualidade do 2017 os créditos iniciais establecidos para este ano polo que estableceuse a posibilidade de desprazar parte desa anualidade ao ano 2018 e por outra banda que faríase necesario revisar o convenio para o ano 2018.

5. ANÁLISE DO REPARTO DO FINANCIAMENTO DO PFSUG NO ANO 2018 E EVOLUCIÓN NO PERÍODO 2016-2018.

A principal fonte de financiamento do Sistema Universitario Galego provén da Xunta de Galicia, motivo polo que se procede a explicar en detalle a súa evolución.

5.1 Reparto do fondo estrutural no ano 2018 e comparativa con respecto aos anteriores anos

5.1.1 Análise do Custo Estándar para o SUG

A proposta desta Universidade, que foi defendida na comisión de seguimento e explicada no Claustro do 9 de decembro, é que se incrementara o fondo estrutural de tal xeito que aínda que houbera unha redución do número de alumnos non afectase ao financiamento do sistema universitario. Deste xeito, e como xa se explicou anteriormente, mudouse a un sistema onde se computa os créditos efectivamente matriculados e previamente auditados.

A contía de partida é de 255,94M€(táboa 4) polo que o importe que non chegara a ese máximo pasaría ao fondo de resultados, en concreto ao subfondo do panel de indicadores. Polo tanto, como o reparto, logo de aplicar a fórmula básica que determina o calculo do custo estándar para cada universidade, chega a 250,37 a diferenza que vai para ese subfondo é de 5,57M€

Como se pode ver na táboa 4, a UDC incrementa levemente o número de créditos matriculados (0,24%). Deste xeito, logo de facerse a auditoría dos créditos matriculados e aplicar o prezo correspondente, que no caso da UDC alcanza os 92€, queda un custo estándar de 70,14M€ (táboa 4).

Táboa 4. Cálculo do Custo Estándar (Fondo Estrutural ano 2018)

	Créditos Matriculados 2014/15	Créditos Matriculados 2015/16	Promedio de créditos matriculados	Variación dos créditos matriculados	Financiamento estrutural** <small>(Custo estándar ano 2018; datos en millóns de euros)</small>
UDC	761.499	763.323	762.411	+0,24%	70,14
USC	1.110.997	1.074.298	1.092.648	-3,30%	101,62
UVI	853.026	837.528	845.277	-1,82%	78,61
TOTAL					250,37 (250.368.837)*
FONDO ESTRUTURAL A REPARTIR					255,94 (255.935.261)*
A RESULTADOS					5,57 (5.566.324)*

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Facenda

* Datos en €

Dado que a base do reparto é moi grande (250,37M€), unha variación porcentual pequena – neste caso de 1,11% (26,90% crédito inicial do ano 2017 a 28,01%, crédito inicial do ano 2018– supón un incremento en termos absolutos significativo.

Táboa 5. Evolución real do custo estándar para as diferentes Universidades do SUG no período 2016-18

	Ano 2016		Ano 2017		Ano 2017		Ano 2018	
	Custo estándar	Peso relativo	Custo estándar	Peso relativo	Custo estándar*	Peso relativo	Custo estándar**	Peso Relativo
UDC	64,69	26,80%	63,21	26,90%	66,38	27,88%	70,14	28,01%
USC	98,93	40,98%	97,01	41,30%	97,01	40,75%	101,62	40,59%
UVI	77,79	32,22%	74,69	31,80%	74,69	31,37%	78,61	31,40%
	241,41	100%	234,91	100%	238,08	100%	250,37	100%

* Inclúe a mellora do fondo estrutural producida no ano 2017

**Xa que non se sabe o incremento real da masa salarial para o ano 2018, e debido a que deben compararse datos homoxéneos os datos do ano 2017 non inclúen o incremento do 1% (datos en millóns de euros (M€))

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Facenda

5.1.2 Resto de subfondos do Fondo Estrutural e evolución do fondo estrutural total (2016-2018)

Como se pode comprobar na táboa 6, existe unha mellora do financiamento estrutural no ano 2018 con respecto ao ano 2017 -como consecuencia do novo método de cálculo do custo estándar- de 3,76M€ No caso do INEF e o SERGAS os valores diminúen pero en contías reducidas. No caso do INEF a diferenza é atribuíble a que neste ano xa non se inclúe a recuperación do fondo retributivo ao entenderse que xa está incluída dentro da partida do fondo estrutural e no caso do SERGAS a unha diminución das prazas vinculadas. En ambos casos as diferenzas non son significativas.

Táboa 6. Evolución das diferentes compoñentes do financiamento estrutural da UDC no período 2016 e 2018

FONDO	SUFONDO	2016	2017*	2017**	2018
FINANCIAMENTO O ESTRUTURAL	Custo estándar	64,69	63,21	66,38	70,14
	RAM	1,20	1,12	1,10	1,07
	INEF Galicia	2,85	3,06	3,06	2,90
	SERGAS prazas vinculadas	1,01	1,01	1,01	0,93
	Recuperación paga extra		3,64	3,64	-
	Incremento de financiamento (execución sentenza)				1,40***
	SUBTOTAL ESTRUTURAL		69,75	72,04	75,19

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Facenda (novembro 2017)

* Ano 2017: Datos sen auditar e sen compensación por financiamento por crédito

** Ano 2017: Datos auditados e con compensación por financiamento por crédito

*** O incremento de financiamento derivado da execución da sentenza (1,4) figura como un concepto aparte e ese mesmo importe vaise repetir no ano 2019 e 2020.

(Datos en millóns de euros (M€))

No caso de non mudar a ese novo método de cálculo o Sistema Universitario Galego seguiría perdendo financiamento estrutural derivado da redución progresiva de alumnos no sistema. Deste xeito, ao introducir o crédito computable e un prezo por crédito pódese conseguir que a evolución sexa máis favorable. Así, ese prezo por crédito incrementouse dende 88€ no ano 2017 (87€ sen o incremento do 1%) ate un prezo que oscila entre os 92€ e os 93€. Este incremento é o que permite absorber a recuperación do fondo retributivo (mellora da paga extra) e que se puido recuperar por primeira vez neste ano 2017.

5.2. Análise do fondo de Resultados

5.2.1 Variación do fondo de Resultados para o SUG e análise da posición da UDC

Como se pode ver na táboa 7, existe un incremento de financiamento no subfondo de complementos retributivos con respecto ao ano 2017 derivado dunha mellora na produción científica dos nosos investigadores, o cal é un dato positivo posto que esta tendencia se está sostendo no tempo. De feito, pasa dun 23,28% no ano 2016 a un 24,25% no ano 2018. No caso do panel de indicadores tamén se produce un incremento porcentual análogo á produción científica, incrementándose dende un 21,04% no ano 2016 ate un 22,09% no ano 2018, o que supón un 1,05% no período 2016 e 2018 e un 0,34% entre o ano 2017 e o 2018. Como se pode ver na táboa 4, a contía a repartir por resultados incrementouse en 5,57M€ que é a diferenza entre

255,94M€ e 250,37M€ (xa explicado anteriormente no apartado 5.2.1) polo que o fondo de resultados sube no ano 2018 ate a contía de 63,52M€(ver táboa 7).

**Táboa 7. Evolución do Fondo de resultados no período 2016-2018
para as Universidades do SUG***

		Ano 2016		Ano 2017		Ano 2018		Var 17/18 (termos absolutos)	Var 16/18 (termos absolutos)
		Contía	Peso	Contía	Peso	Contía	Peso		
UDC		11,60	21,04%	13,73	21,75%	14,03	22,09%	+0,30	+2,43
USC	Subfondo Panel indicadores	24,28	44,03%	28,11	44,53%	28,60	45,02%	+0,49	+4,32
UVIGO		19,26	34,93%	21,28	33,72%	20,89	32,89%	-0,39	+1,63
		55,14	100%	63,12	100%	63,52	100%	+0,40	+8,38
UDC	Subfondo complementos retributivos, compensación matrículas	5,58	23,28%	5,86	23,67%	6,48**	24,25%	+0,62	+0,90
USC		12,21	50,96%	12,13	49,01%	12,70	47,53%	+0,95	+0,49
UVIGO		6,17	25,75%	6,77	27,32%	7,54	28,22%	+0,39	+1,37
		23,96	100%	24,76	100%	26,72	100%	+1,96	+2,76

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Facenda

* Non se inclúe o Consello Social porque é unha achega igual para as tres Universidades e non experimenta evolución

**6.477.849,35€(contía que corresponde a complementos retributivos en € O dato da táboa está en millóns de €).

Estes datos indican que a Universidade, no seu conxunto, está a mellorar o rendemento da actividade investigadora e de transferencia. Neste sentido, a mellora da produción científica ou a realización dunha maior transferencia son indicadores que reforzan e potencian non só a capacidade competitiva para captar unha maior cantidade de fondos do reparto do fondo de resultados senón tamén a captación de fondos alleos como contratos de I+D ou actividade de transferencia. A consecuencia inmediata é que isto se traduce nunha maior transferencia de coñecemento e tecnoloxía ou servizos á sociedade.

Táboa 8. Variación en termos absolutos e relativos das diferentes compoñentes do financiamento por resultados entre o ano 2016 e 2018 para a UDC

	Concepto	2016	2017	2018	Variación 17/18 (absoluto e relativo)	Variación 16/18 (absoluto e relativo)
FINANCIAMENTO POR RESULTADOS	Complementos retributivos e compensación por matriculas (Cap IV)	5,58 (23,28%)	5,86 (23,67%)	6,48 (24,25%)	+0,62 (+0,58%)	+0,90 (0,97%)
	Outros custos asociados ao ensino universitario (Cap. IV)	0,20	0,20	0,20	-	-
	Panel de indicadores (Cap. IV e Cap. VII)	11,60 (21,04%)	13,73 (21,75%)	14,03 (22,09%)	+0,30 (+0,34%)	+2,43 (+1,05%)
	SUBTOTAL FONDO RESULTADOS	17,38	19,79	20,71	+0,92	+3,33

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Facenda

Na derradeira fila (subtotal fondo resultados) facilitanse as diferenzas en termos absolutos

Táboa 9. Evolución do Panel de Indicadores no período 2016-18 para a UDC

Código	Descritor básico	Ano 2016	Ano 2017	Ano 2018	Var 17/18	Var 16/18
PGFU-01	Número de grupos de investigación	2,21%	2,00%	2,04%	+0,04%	-0,17%
PGFU-02	Captación de talento investigador	2,07%	2,08%	1,88%	-0,20%	-0,19%
PGFU-03	Patentes en explotación	1,37%	2,05%	1,54%	-0,49%	+0,17%
PGFU-04	Relación entre sexenios posibles e óptimos	1,49%	1,55%	1,56%	+0,01%	+0,07%
PGFU-05	Producción científica	2,45%	2,45%	2,56%	+0,11%	+0,11%
PGFU-06	Visibilidade da produción científica	1,95%	1,97%	2,09%	+0,12%	+0,14%
PGFU-07	Teses de doutoramento defendidas	0,55%	0,61%	0,66%	+0,05%	+0,11%
PGFU-08	Ingresos de investigación	3,13%	3,11%	3,50%	+0,39%	+0,37%
PGFU-09	Proxectos nacionais e internacionais	1,20%	1,26%	1,35%	+0,09%	+0,15%
PGFU-10	Alumnado de posgrao por graduado	2,61%	2,73%	2,88%	+0,15%	+0,27%
PGFU-11	Taxa de graduación	1,85%	1,79%	1,84%	+0,05%	-0,01%
PGFU-12	Alumnado matriculado estranxeiro	0,16%	0,16%	0,19%	+0,03%	+0,03%
TOTAL		21,04%	21,75%	22,09%	+0,34%*	+1,05%*

Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados por IUNE, SIIU e Secretaría Xeral de Universidades

* O resultado da variación porcentual do panel de indicadores calculada no período 2017/18e 2016/18 coincide coa variación porcentual calculada na táboa anterior (táboa 8) .

Ao facer unha análise detallada dos diferentes indicadores de calidade no ano 2017 con respecto ao ano 2016 compre destacar que a Universidade da Coruña mellora en dez dos doce indicadores de calidade o cal é un dato certamente positivo. Destaca a subida nos indicadores dos ingresos por investigación (PGFU-08) –cunha subida de 0,39%-, e alumnos de posgrao por grao (PGFU-10), así como a visibilidade da produción científica (PGFU-06) e a produción científica (PGFU-05), con subidas destes tres indicadores por encima de 0,10 puntos

porcentuais. Esas melloras consolídanse ao observar o período 2016-2018. No caso do indicador das patentes en explotación (PGFU-03) é importante destacar que o comportamento non é estable xa que no ano anterior subiu notablemente e de xeito significativo (+0,68%), mais no ano 2018 baixou con respecto ao ano anterior (-0,49%). No conxunto do período 2016-18, observase un incremento dun 0,17%. Outro dos indicadores sobre os que se está facendo fincapé e o indicador de captación de talento (PGFU-02), para o cal se están desenvolvendo diferentes accións de captación de talento investigador a través de diferentes programas como INTALENT ou de potenciación dos centros de investigación. Estes programas levan pouco tempo en marcha polo que se espera que tras un período de maduración poidan conseguir un maior impacto académico e como consecuencia a mellora da ponderación neste indicador.

En resumo, pode observarse unha tendencia positiva na evolución dos indicadores de calidade, no que se incrementa un 1,04% no período 2016/18. No eido da investigación ou da transferencia, esta tendencia é máis importante nos indicadores de captación de ingresos por investigación (PGFU-08) –cunha subida de 0,37%- e de proxectos nacionais e internacionais (PGFU-09), así como a produción científica (PGFU-05) e a súa visibilidade (PGFU-06), con subidas do 0,11% e 0,14% respectivamente. Por último, tamén se destaca a mellora das teses de doutoramento o cal sube un 0,11%. No eido da docencia, consolídase a captación de alumnos de posgrao por alumnos de grao o cal incrementase nun 0,27%. A posta en marcha de novos mestrados ou dunha oferta máis atractiva dos actuais, dentro do Campus Industrial de Ferrol e dos novos Campus de especialización como o Campus Innova e o Campus da Sustentabilidade en Coruña, ase como a potenciación da súa promoción poderían permitir que ese incremento puidera consolidarse. Os mestrados en Deseño, desenvolvemento e comercialización dos Videoxogos, o mestrado en Deseño Industrial ou o novo grao en Xestión industrial da Moda dentro do Campus Industrial ase como o Grao Interuniversitario de Paisaxe, o cal estaría enmarcado dentro do Campus da Sustentabilidade, son moi bos exemplos da estratexia que se está a implantar.

Un resumo da evolución dos diferentes subfondos do fondo estrutural e de resultados pode verse na táboa 10. O incremento do financiamento estrutural débese fundamentalmente á dúas cuestións: a primeira é derivada do novo método de cálculo do fondo estrutural no cal incrementase o financiamento por crédito computable, o cal era inferior no caso da UDC fronte a outras Universidades (84,81€ fronte a 87€). Este feito indica o infrafinanciamento estrutural que sufriu a nosa Universidade tanto no ano 2017, coma no período 2010-2015, o cal foi confirmado coa resolución do recurso contencioso-administrativo e que cifrou en 4,2 M€ a

cantidade a devolver por parte da Xunta á UDC. En segundo lugar, parte do incremento do financiamento estrutural vai dirixido á consolidar unha parte importante da recuperación do fondo retributivo neste ano 2017.

Táboa 10. Evolución das diferentes compoñentes do financiamento e estrutural e por resultados entre o ano 2016 e 2018

FONDO	SUBFONDO	2016	2017*	2017**	2018
FONDO ESTRUTURAL	Custo estándar	64.698.808,48	63.208.545,00	66.380.000,00	70.141.812,00
	RAM	1.203.069,90	1.124.688,90	1.124.688,90	1.067.923,81
	INEF Galicia	2.856.931,00	3.061.986,00	3.061.986,00	2.903.659,00
	SERGAS	1.012.333,00	1.012.333,00	1.012.333,00	933.502,00
	Incrementos financiamento Estrutural	2.056.639,37	3.640.000,00	3.640.000,00	1.400.000,00
	Complementos retributivos e compensación por matrículas	5.579.348,32	5.862.119,94	5.862.119,94	6.477.849,35
FONDO RESULTADOS	Outros custos asociados ao ensino universitario	200.000,00	200.000,00	200.000,00	200.000,00
	Panel de indicadores	11.604.459,79	13.729.177,00	13.729.177,00	14.027.813,61
	Redución do financiamento por resultados			-482.895,98	
	Fomento da I+D+i e da transferencia	-	-	-	-
TOTAL		89.211.589,86	91.838.849,84	94.527.408,86	97.152.559,77

Fonte: Elaboración propia; * Datos sen a mellora do fondo estrutural no ano 2017; ** Datos coa mellora do fondo estrutural no ano 2017
(No último dato facilitado pola Consellería a contía a devolver a UDC polo recurso redondea a 1,4M€)

6. GRANDES LIÑAS DE INGRESOS E GASTOS DO ANO 2018 E PROXECCIÓN PARA O ANO 2019.

6.1 Liñas de Ingresos e Gastos do Ano 2018

A continuación vaise presentar a estimación das diferentes partidas de ingresos e gastos para o ano 2018, principalmente daquelas que teñen unha gran ponderación no orzamento final.

6.1.1 Estimación das partidas de ingresos para o ano 2018

a) Taxas e prezos públicos (Capítulo III)

A principal partida é a matriculación de estudantes. Neste curso académico 2017/18 a matriculación do alumnado correspondentes ás categorías de grao, LRU, Mestrado, doutoramento e Erasmus alcanza unha cifra de 17.358, a cal pode incrementarse xa que faltarían por contabilizar o alumnado correspondentes a estes programas do segundo cuadrimestre. Adicionalmente, se engaden os estudos propios de posgrao, títulos propios e da Universidade Sénior que alcanzan unha cifra de 309 a cal tamén pode incrementarse xa que aínda está aberto o período de matrícula. Isto supón un total de 17.667 alumnos (táboa 11).

Táboa 11. Evolución da matrícula das diferentes categorías de alumnado dende o curso 2014/15 ate o curso 2017/18

Categoría	Curso 2014/15	Curso 2015/16	Curso 2016/17	Curso 2017/18*
LRU	2.866	1.537	614	308
GRAO	14.171	14.646	14.121	13.864
MESTRADO	1.400	1.629	1.775	1.787
DOUTORAMENTO	1.473	1.138	1.210	1.010
ERASMUS	552	600	632	389
SUBTOTAL	20.962	19.550	18.352	17.358
ESTUDIOS POSGRAO	657	413	418	-
SÉNIOR	663	806	879	288
TÍTULOS PROPIOS	33	31	33	21
TOTAL	22.315	20.800	19.682	17.667

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Xescampus*. Datos provisionais xa que falta aínda a matrícula do segundo cuadrimestre e contabilizar estudos de Posgrao

Como se pode visualizar na táboa 11, a UDC, ao igual que o resto de universidades do SUG, está experimentar unha tendencia á baixa na matrícula dos estudantes, pola influencia dunha menor taxa de natalidade e a redución do período formativo de graos de catro anos fronte ás licenciaturas de 5 anos. Adicionalmente, as taxas universitarias do Sistema Universitario Galego son as mais baixas de España. Debido a estas dúas circunstancias, e ante a posibilidade de que non se modifiquen os prezos públicos para o seguinte curso académico, a estimación do ingreso por matrícula estímase á baixa. A estratexia desta universidade para reducir esta caída e recuperarse no medio prazo é a de impulsar novos títulos académicos e impulsar os Campus de Especialización, tanto o Campus Industrial como os Campus da Sustentabilidade e do Campus Innova. Tamén se pretende ampliar a oferta ao mercado iberoamericano onde destacan as accións en Colombia, República Dominicana e México, esta última en coordinación coas tres Universidades do SUG, e incrementar a captación de alumnos de Europa a través de diferentes programas (p.ex. Erasmus+).

Outro dos conceptos son os ingresos por investigación. A estimación dos ingresos por estes conceptos (custos indirectos, facturación de servizos de investigación) e outros ingresos por prestación de servizos como alugueres, espazos para empresas, e actividades culturais ou deportivas estímase que pode alcanzar os 3,14M€ Finalmente, tamén existen ingresos por servizos administrativos (0,6M€) e ingresos diversos (0,23M€). En total, hai un valor final no capítulo III por valor de 16,664M€-e que representa un 13,52%-, o cal é lixeiramente superior ao ano pasado (16,35M€), o que supón un incremento do 1,90% (ver táboa 12).

Táboa 12. Evolución dos diferentes capítulos de ingresos no período 2016-2018 e variación porcentual no período 2017-18

Capítulo de ingresos	2016	2017	2018	Peso	Variación 17/18
Capítulo III -Taxas, prezos públicos	15,35	16,354	16,664	13,52%	1,90%
Capítulo IV - Transferencias correntes	85,26	86,667	92,038	74,65%	6,20%
Capítulo V - Ingresos patrimoniais	0,34	0,315	0,315	0,25%	0,00%
Capítulo VII - Transferencias de capital	14,89	15,620	13,689	11,10%	-12,36%
Capítulo VIII - Activos financeiros	0,50	0,490	0,589	0,48%	20,11%
	116,321	119,446	123,295	100,00%	3,22%

Fonte: Elaboración propia; datos en millóns de €
(as porcentaxes ou pesos e variacións están calculadas sobre a contía con centenas e céntimos de €)

b) Transferencias correntes (Capítulo IV)

A principal fonte de financiamento de UDC son as transferencias correntes. A principal partida corresponde ao fondo estrutural que alcanza unha contía de 70,14M€ Hai que engadir, ademais, as transferencias derivadas do INEF, as prazas vinculadas ao SERGAS e as transferencias por mecenado (Inditex). Para o conxunto do Capítulo IV hai un incremento con respecto ao ano 2017 pasando de 86,67M€ a 92,038M€ -e que representa un 74,65%-, o que supón un incremento dun 6,20% (ver táboa 12), o cal é un dato moi positivo para esta Universidade.

c) Ingresos patrimoniais (Capítulo V)

Ingresos dos xuros bancarios e das concesións administrativas. Representan unha porcentaxe moi reducida e non significativa polo que ten moi pouca repercusión na estimación do equilibrio orzamentario. Non hai variacións respecto ao ano 2017, os cales se sitúan en 0,315M€ (ver táboa 12). A súa importancia relativa non é significativa (0,25%).


d) Transferencias de capital (Capítulo VII)

Nestes momentos as transferencias por capital están por debaixo do ano anterior e experimenta unha redución dun 12,36%, pasando de 15,62M€ no ano 2017 a 13,689M€ no ano 2018. As principais partidas deste apartado son proxectos de investigación (Xunta e MINECO) así como convenios. Os principais convenios de investimentos en capital en vixencia neste ano 2017 que incorporan accións para o conxunto da UDC son o convenio para o Campus Industrial de Ferrol (2016/17) e o de Coruña (2017/18). Sen embargo, os investimentos en capital é moi probable que se incrementen xa que existen convenios como o de Campus Industrial, o cal se espera que se renove para o bienio 2018-19. Non se inclúen neste apartado os proxectos europeos debido á dificultade para estimar en moitos casos as anualidades así como a existencia de proxectos europeos en fase de lanzamento ou pendentes para a firma do *grant agreement*. A contía final alcanza unha cifra de 13,689M€ (ver figura 3), o que representa un 11,10%.

e) Activos financeiros (Capítulo VIII)

O remanente estivo a experimentar unha perda motivada polo contexto orzamentario de restrición financeira, o que derivou nunha redución moi importante do seu volume. A cantidade que corresponde a este é de 0,589M€ (ver figura 3), o que representa un 0,48% e supón un incremento dun 20,11%, se ben ese incremento non é significativo na cifra global do orzamento.

Figura 3. Proxección das principais partidas de orzamento de ingresos para o ano 2018



Fonte: Elaboración propia

6.1.2 Estimación das partidas de gastos para o ano 2018

a) Gastos de persoal (Capítulo I)

Como se pode ver na táboa 13, os gastos de persoal representan a porción máis importante do total dos gastos, case o 75% (un 74,78%). Nesta contía non se contabiliza o posible incremento que poida experimentar de cara ao ano próximo, o cal se poderá saber unha vez se aproben os orzamentos do Estado. Estímase nunha contía de gastos de persoal de 92,201 millóns de euros, o cal se incrementa nun 2,11% con respecto ao ano 2017 e supón un 74,78% do total dos gastos.

b) Gastos correntes (Capítulo II)

Os gastos correntes de cara ao ano 2018 experimentan unha subida do 7,56%, pasando dende 14,486M€ a 15,583M€. A pesar das medidas de aforro que se están a implantar, como a planificación progresiva da centralización do gasto (ex. seguros), medidas de aforro enerxético, ou mellora na xestión económica, se está a observar un incremento nos gastos xerais de funcionamento como seguridade, combustibles, canons, mantemento, etc. É importante destacar que houbo un cambio substancial na contabilización do gasto de biblioteca de tal xeito que fondos bibliográficos que antes figuraban no capítulo VI agora pase ao capítulo II, posto que co cambio tecnolóxico xa non é material inventariable senón que é gasto corrente. Estímase un

total de 15,583M€ o que supón un 12,64% do total do gasto e un incremento do 7,56% (ver táboa 13).

Táboa 13. Evolución dos diferentes capítulos de gastos no período 2016-18 e variación porcentual 2017/18

Capítulo de gastos	2016	2017	2018	Peso	Variación 17/18
Capítulo I - Gastos de personal	88,38	90,293	92,201	74,78%	2,11%
Capítulo II - Gastos correntes	15,26	14,486	15,583	12,64%	7,56%
Capítulo III - Gastos financeiros	0,06	0,045	0,033	0,03%	-27,29%
Capítulo IV - Transferencias correntes	2,46	2,763	4,601	3,73%	66,54%
Capítulo V - Fondo de Continxencia	0,25	0,250	0,350	0,28%	40,00%
Capítulo VI - Investimentos reais	9,16	11,059	9,977	8,09%	-9,78%
Capítulo VIII - Activos financeiros	0,05	0,000	0,000	0,00%	0,00%
Capítulo IX - Pasivos financeiros	0,70	0,550	0,550	0,45%	0,00%
	116,321	119,446	123,295	100,00%	3,22%

Fonte: Elaboración propia; datos en millóns de €
(as porcentaxes ou pesos e variacións están calculadas sobre a contía con centenas e céntimos de €)

c) Transferencias correntes (Capítulo IV)

Trátase dun capítulo de gasto que experimenta un notable incremento. Compre destacar o maior impulso e apoio que quere facer esta Universidade cos programas de apoio ao estudantado como bolsas, programa de bono-bus, residencias, mobilidade, promoción das actividades culturais ou deportivas, etc. Estímase un montante de 4,601M€ o que supón unha importancia relativa dun 3,73%. Nesta conta, ao igual que a de gastos correntes (capítulo II), parte do incremento total que ascende a 66,54% ven derivado da contabilización do gasto da contribución que esta entidade fai ao consorcio de bibliotecas fronte a anterior clasificación que era do capítulo VI. Estes cambios de partida ou denominación obedecen a cambios realizados a partir do grupo de traballo de xestión orzamentaria e están fundamentados na normativa vixente que regula a clasificación económica das diferentes partidas orzamentarias.


d) Investimentos reais (Capítulo VI)

O capítulo de investimentos experimenta unha redución no exercicio 2017. Neste caso destácase un menor volume de ingresos por convenios. Estímase en 9,977M€ o que representa un 8,09%, experimentando unha redución con respecto ao ano anterior dun 9,78%.

e) Resto de partidas: Gastos financeiros (Capítulo III), Fondo de continxencia (Capítulo V) e Variacións en activos e pasivos financeiros (Capítulo VIII e IX).

Estas partidas supoñen unha participación moi reducida no gasto total. No caso de gastos financeiros (0,033M€), e variacións de activos financeiros no cal practicamente non hai cambios, ao igual que ocorre no caso do pasivo financeiro (0,550M€ e participación dun 0,45%). Incrementábase o fondo de continxencia para poder atender a posibles continxencias ou gastos extraordinarios (0,350M€ o cal supón un 0,28%). O seu incremento (40%) non é significativo no total do orzamento.

Figura 4. Proxección das principais partidas de gastos para o ano 2018



Fonte: Elaboración propia

6.2 Proxección das partidas de ingresos e gastos para o ano 2019

Para poder facer unha proxección é importante fundamentar os criterios en base aos cales se experimentan as variacións anuais.

a) Proxección de ingresos

Os criterios para estimar os ingresos para o ano 2019 serían os seguintes.

- Os ingresos por capítulo III manteríanse preto do actual nivel e a captación de alumnos polos novos graos e mestrados podería compensar a tendencia dun menor número de alumnos no SUG. Asíse que os prezos públicos ou taxas non sufriran variación. O

nivel de ingresos por investigación manteríase constante. O nivel de ingresos sería de 16,600M€

- As transferencias correntes (capítulo IV) incrementarían nunha proporción similar ao ano 2018. Estímanse en 94,218M€ cun incremento de 2,37%.
- As transferencias de capital (capítulo VII) poderían experimentar un crecemento motivado pola renovación dos convenios que xa comezaron no ano anterior bienio 2016-17 (ex. Campus Industrial, CITIC). No caso dos proxectos de investigación (nacionais, europeos ou autonómicos) estimase a mesma proporción que para o ano 2018. En total, estimase un volume de 14,890M€ o que supón un incremento dun 8,77%.
- Os ingresos patrimoniais (capítulo V) 0,315M€ manteríanse nun nivel similar.
- No caso dos activos financeiros (capítulo VIII) , neste momento non se pode saber a contía con exactitude xa que aínda non se pechou o exercicio. No caso de obter un excedente ou superávit no ano 2018 e logo de verificar o financiamento afectado e non afectado atopamos remanente líquido non afectado a contía actual (0,590M€), podería incrementarse. Este feito permitiría asumir un maior nivel de investimentos en capital. Mantense un criterio de prudencia polo que se opta por manter esta cifra actual.

De igual xeito, no caso de que se obteña un maior nivel de transferencias correntes permitiría asumir unha maior capacidade de gasto tanto para atender aos gastos correntes como a posibilidade de incrementar os investimentos en capital (equipamento informático, mobiliario, obras, reformas, melloras, ampliacións).

O nivel de ingresos sería de 126,613M€ un 2,69% máis que o ano anterior (táboa 14).

Táboa 14. Proxección de ingresos para o ano 2019

Capítulo de Ingresos	2016	2017	2018	2019	Variación 18/19
Capítulo III - Taxas, prezos públicos	15,35	16,354	16,664	16,600	-0,38%
Capítulo IV - Transferencias correntes	85,26	86,667	92,038	94,218	2,37%
Capítulo V - Ingresos patrimoniais	0,34	0,315	0,315	0,315	0,00%
Capítulo VII - Transferencias de capital	14,89	15,620	13,689	14,890	8,77%
Capítulo VIII - Activos financeiros	0,50	0,490	0,589	0,590	0,17%
	116,321	119,446	123,295	126,613	2,69%

Fonte: Elaboración propia; datos en millóns de €

b) Proxección de gastos

Os criterios para estimar os ingresos para o ano 2019 serían os seguintes.

- No caso dos gastos de persoal (capítulo I), existe un crecemento vexetativo dos custos de persoal derivado da promoción interna, complementos, cobertura de baixas, etc. Estimase en 94,300M€ Loxicamente, a esta cifra habería que incrementar a porcentaxe de subida da masa salarial do ano 2018 e a que correspondería no ano 2019.
- No caso dos gastos correntes (capítulo II), o obxectivo é manter unha estrutura de gastos similar a este exercicio, continuando cos programas de eficiencia enerxética. Tamén procederíase a deseñar programas de aforro nos actuais contratos. Estimase unha contía de 15,700M€ cun incremento dun 0,75%.
- De xeito similar, no caso das transferencias correntes (capítulo IV), o obxectivo é manter os programas actuais e se for posible, buscar fontes alternativas de financiamento que permitiran que non se incrementara a cifra do ano 2018 de 4,6M€ Intentaríase que se subira 0,1M€ un 2,15%.
- Con respecto aos investimentos en capital (capítulo VI), é posible que se incrementen xa que o obxectivo é continuar cos programas de investimentos en capital que xa comezaron no ano anterior bienio 2016-17 como o convenio para o Campus Industrial. No caso dos proxectos de investigación (nacionais, europeos ou autonómicos) estimase unha proporción similar ao do ano 2018. En total, estímase uns 11M€ un 10,25% mais que o ano anterior.
- O pasivo financeiro baixaría ate 0,530 M€ (cunha redución dun 3,64%) e o resto de partidas non experimentan variacións significativas. O nivel de gastos total estimase en 126,613M€ o que supón unha variación dun 2,69%, similar a contía dos gastos (táboa 15).

Táboa 15. Proxección de gastos para o ano 2019

Capítulo de gastos	2016	2017	2018	2019	Variación 18/19
Capítulo I - Gastos de personal	88,38	90,293	92,201	94,300	2,28%
Capítulo II - Gastos correntes	15,26	14,486	15,583	15,700	0,75%
Capítulo III - Gastos financeiros	0,06	0,045	0,033	0,033	0,00%
Capítulo IV - Transferencias correntes	2,46	2,763	4,601	4,700	2,15%
Capítulo V - Fondo de Continxencia	0,25	0,250	0,350	0,350	0,00%
Capítulo VI - Investimentos reais	9,16	11,059	9,977	11,000	10,25%
Capítulo VIII - Activos financeiros	0,05	0,000	0,000	0,000	0,00%
Capítulo IX - Pasivos financeiros	0,70	0,550	0,550	0,530	-3,64%
	116,321	119,446	123,295	126,613	2,69%

Fonte: Elaboración propia; datos en millóns de €

7. TESOURARÍA E DEREITOS DE COBRO

7.1 Tesouraría

Continuamos suxeitos a un contexto orzamentario restritivo. Dende 2009 o SUG sufriu un deterioro no financiamento que fixo que se minorasen os orzamentos en case un 14% pasando no caso da UDC de 137 millóns de euros no ano 2010 a 119 no derradeiro ano 2017. Para facer fronte a esta situación fíxose necesario aplicar fondos propios para amortecer os efectos da caída do orzamento, o cal causou unha perda progresiva do remanente polo que o resultado final fixo que as reservas do remanente de tesouraría sexan mínimas. Este feito, unido ao feito de que unha parte importante dos ingresos, principalmente os derivados da matrícula, están concentrados na última parte do ano, fan que o nivel de tesouraría entre abril e setembro sexa moderadamente baixo. A pesar deste feito, ao longo do ano se puido facer fronte ao pagamento mensual da débeda comercial con provedores. Simultaneamente, esta Universidade está a traballar nun programa de maior control de ingresos tanto ordinarios (matrículas, certificados) como derivados da actividade investigadora (custos indirectos asociados á actividade investigadora) e outros ingresos (alugueres e uso de espazos, concesións administrativas, explotación da marca, ou organización de eventos, xornadas, conferencias ou congresos).

7.2 Dereitos de cobro pendentes de aboamento: Resumo do IVE soportado por Investigación a devolver

Neste momento a UDC ten dereitos de cobro pendente de materializarse correspondente ao IVE 2012-2014 así coma o correspondente ao exercicio 2016. De acordo coa xurisprudencia previa preexistente como foi a Sentenza da Audiencia Nacional 18 de febreiro de 2016 que aceptou a tese no que a UDC propugna. Estimamos que se poida conseguir unha resolución favorable.

8. EVOLUCIÓN DO PDI E PAS E OEP COMPLEMENTARIA

a) Taxa de Reposición e promoción interna

A normativa estatal referente á contratación, as esixencias dos plans de sustentabilidade e as actuais restricións financeiras fan que sexa necesario utilizar de forma efectiva e eficiente a taxa de reposición, que é do 100%, a cal se está respectando ao máximo. A utilización da taxa de reposición na Oferta Pública de Emprego e a revisión da planificación docente serán as ferramentas que nos permitirán manter os procesos de estabilización e promoción dos distintos colectivos do PDI. Deste xeito, no próximo ano 2018 permítese a contratación de PDI funcionarios e laborais fixos en función da taxa de reposición correspondentes ao ano 2017.

Para o colectivo do PAS, a consolidación dos procesos de promoción interna e concursos de traslados, conciliados coa necesidade de conter o gasto en persoal -aínda coa existencia de subas ligadas á antigüidade-, permitirá desenvolver a carreira profesional do Persoal de Administración e Servizos da UDC. A reorganización administrativa aprobada na última RPT facilitará a adaptación ás novas necesidades de xestión e será necesario comezar a negociar unha nova RPT orientada a optimizar os recursos dispoñibles nun escenario non expansivo de novas contratacións.

b) OEP Complementaria

A Universidade da Coruña, que publicou no DOG do 16 de xuño de 2017 a súa oferta de emprego público de persoal docente e investigador, ven de revisar o seu cadro de persoal docente para calcular a taxa de reposición segundo ao establecido na Lei de orzamentos xerais do Estado, co fin de convocar unha Oferta de Emprego Público (OEP) complementaria para o ano 2017. Segundo os novos datos de baixas de PDI na Universidade da Coruña no ano 2016, a taxa de reposición resultante segundo o indicado anteriormente é de 5 prazas adicionais. Ademáis, en aplicación do disposto na Lei 3/2017 e no Real decreto-lei 10/2015, vaise solicitar a autorización preceptiva previa para incluír na OEP do ano 2017 3 prazas de Catedrático de Universidade polo procedemento de promoción interna.

9. CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN

De cara ao próximo curso académico estamos avanzando no deseño dos Plans Estratégicos dos Campus de Especialización para a Coruña onde se pretende lanzar os Campus Innova e Campus da Sustentabilidade. Preténdese avanzar na definición das grandes áreas e liñas de especialización para a nosa Universidade sobre as cales se concreten tanto as liñas de investigación ou de transferencia como as áreas de interese formativo ou académico. Por medio destes Campus intentase dar unha mellor oferta académica á nosa sociedade e mellorar a súa transferencia de coñecemento á sociedade.

Así, esta Universidade pretende implantar unha nova oferta de graos e mestrados baseados nos campus de especialización que intenten dar resposta ás novas necesidades sociais e de formación de profesionais que sirvan para impulsar sectores estratéxicos para a nosa comunidade autónoma. Os graos de Paisaxe (Campus da Sustentabilidade) e de Xestión Industrial da Moda (Campus Industrial de Ferrol) ou dos mestrados en Videoxogos ou Deseño Industrial (tamén Campus Industrial), terán como obxectivo mellorar a captación de alumnos tanto para Ferrol como para Coruña.

10. CONCLUSIÓNS

As principais conclusións que se derivan deste documento e que marcarán o desenvolvemento do orzamento do ano 2018 son as seguintes:

1) **Contexto de restrición orzamentaria.** Continúase nun contexto orzamentario restritivo xa que a pesar do incremento no fondo estrutural, o orzamento aínda está por debaixo dos niveis anteriores á crise económica que se situaba en 137M€no ano 2010. Este feito obriga a conter o nivel de gasto corrente –a pesar do incremento xeneralizado dos custos xerais de mantementos da estrutura universitaria- e non poder realizar actuacións importantes de investimento en capital.

2) **Mellora do fondo custo estándar, elemento fundamental do fondo estrutural.** Cómpre destacar dous resultados.

a) A confirmación de que a Universidade da Coruña sufriu infrafinanciamento estrutural no período 2010-2015, o que confirmou a demanda do recurso contencioso-administrativo e a necesidade de revisar o cálculo do custo estándar do fondo estrutural. A UDC vai percibir un

montante final de 4,2M€ a pagar mensualmente nas tres seguintes anualidades (2018, 2019 e 2020).

b) Como consecuencia do anterior, estableceuse un novo método de calculo do custo estándar do fondo estrutural onde se computan os créditos efectivamente matriculados e previamente auditados a un prezo fixo que oscila para as tres Universidades entre 92 e 93€ Isto permite obter un custo estándar de 70,14M€ o que supón un incremento de 3,76M€, se ben este incremento vai dirixido ao aboamento do denominado recuperación do fondo retributivo –así o denominou a Consellería de Facenda- que como xa se comentou é a mellora que se produciu nas pagas extra neste ano 2017.

3) Mellora do peso relativo ou ponderación no financiamento por resultados. Existe unha mellora na ponderación do subfondo dos complementos retributivos e no panel de indicadores, onde crece dende 21,04% a principios de 2016 ate 22,09% -que corresponde coa ponderación para o próximo ano 2018-. En concreto, ascende dende 19,79M€ a 20,71M€ Este dato indica que a Universidade, no seu conxunto, está a mellorar o rendemento da actividade investigadora e de transferencia.

4) Incremento do gasto en persoal (capítulo I), dos gastos correntes (capítulo II) e das transferencias correntes (capítulo IV).

O capítulo I incrementase nun 2,11% e supón un 74,78% do orzamento, alcanzando unha contía de 92,201M€ Esta cifra non contempla o incremento que pode experimentar, o cal debe ser aprobado polo Estado.

Con respecto ao capítulo II e IV hai un incremento en ambos casos notable. No caso dos gastos correntes suben case tódolos conceptos derivados do incrementos do custo anual. Así hai incrementos en prima de seguros, mantementos, seguridade, combustibles, xardiñeira, etc. Por outra banda, hai outra razón que explica ese incremento como é o cambio substancial na contabilización do gasto de biblioteca de tal xeito que fondos bibliográficos que antes figuraban no capítulo VI agora se inclúen no capítulo II, posto que co cambio tecnolóxico xa non é material inventariable senón que é gasto corrente. En total, os gastos correntes ascenden a 15,583M€ incrementándose un 7,56% mentres que as transferencias correntes ascenden a 4,601.

5) Plans estratéxicos para o desenvolvemento dos Campus de Especialización.

Vaise realizar o plan estratéxico dos Campus de Especialización para a Coruña onde se pretende lanzar os Campus Innova e Campus da Sustentabilidade. Preténdese avanzar na definición das

grandes áreas e liñas de especialización para a nosa Universidade sobre as cales se concreten tanto as liñas de investigación ou de transferencia como as áreas de interese formativo ou académico. Por medio destes Campus intentase dar unha mellor oferta académica á nosa sociedade e mellorar a súa transferencia de coñecemento á sociedade.

6) Equilibrio orzamentario. O equilibrio orzamentario sitúase no nivel dos 123,295 millóns. O balance do exercicio económico do ano 2018 presenta un escenario no que se está a producir un lixeiro incremento nos ingresos correspondentes ao capítulo III, e unha mellora das transferencias correntes (capítulo IV) no que se inclúe a mellora do financiamento estrutural, se ben neste apartado está incluída a recuperación do fondo retributivo que se consolida para os próximos anos. Para facer fronte a determinadas actuacións como programas de eficiencia enerxética ou continuar con políticas de aforro, e para as que se precisa realizar investimentos e capital, faise necesaria achegas de capital doutras institucións.